



AXUDAS PARA MATERIAL - CURSO 2020-21

MATERIAL:

Todo o alumnado de Primaria (de 1º a 6º) con renda per cápita a 31 de decembro de 2018 menor a 6.000€ pode solicitar axuda de material de 50€.

As solicitudes achegaranse preferentemente por vía electrónica no formulario que xera a aplicación na páxina web de Fondo de libros

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> ou na [SEDE ELECTRÓNICA](#).

Documentación acreditativa para participar:

1. **Identidade.** Achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, **cando non autoricen a consulta de forma telemática.**
2. **Copia do Libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2018, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
 - a) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - b) Certificado ou volante de convivencia.
 - c) Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - d) Certificado de defunción.
3. **Grao de discapacidade.** Achegarase o certificado acreditativo do grao de discapacidade emitido polo órgano competente ou o documento acreditativo da condición de preceptor dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
4. No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.
5. **Renda familiar. Cando non autoricen a consulta de forma telemática,** achegarase copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante.
6. Os menores que se atopen en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.
7. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.
8. Só se cubrirá unha solicitude por unidade familiar e será a mesma para os tres tipos de axudas. Se a solicitude se fai vía electrónica hai que cubrir unha solicitude para cada fillo/a.

Prazo de presentación.

Remata o 19 de xuño 2020. (CITA PREVIA NO MAIL OU TELÉFONO DO CENTRO).